

# Cun estilo claro

## O fracaso asumible

PILAR PONTE

A cuarta publicación de Berta Dávila –Santiago de Compostela, 1987, e autora de títulos anteriores como *Corpo baleiro* (2007), *Dentro* (2008) ou *Bailarei sobre a túa tumba* (2008)–, *A arte do fracaso*, chega a nós grazas a Barbantesa, novo selo editorial nado en 2010 que ofrece tesouros como a derradeira entrega poética de M<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg.

Nesta obra Dávila fainos unha entrega do que podemos definir como relatos-conto, seguindo a Eyré, a cabalo entre a narrativa convencional e a hiperbrevidade, un modelo textual que se desenvolve na segunda parte do volume e do que atopamos excelentes mostras como o número 14, onde fai un retrato dos medos das tres últimas xeracións vitais da nosa sociedade, ou o número 20, un perfecto exemplo de fracaso.

O “Nomprólogo” de Rubén Ruibal, ameno e diferente, ofrécenos reflexións da autora e engade unha dose de intriga sobre o que ha de vir deseguido, historias de fracasos. O fracaso aquí vai ser un sentimento relativo, nada romántico, e non drástico nin tráxico, nalgúnha ocasión mesmo assumido con entereza polo protagonista como xusto pago por algún erro cometido.

Salientamos tamén na obra un estilo claro, onde a frase breve cunhas cantas pinceladas bosquexa a historia e alixeira a lectura dun volume que desexaríamos máis amplio. *DÁVILA, Berta, A arte do fracaso, Ed. Barbantesa, Cangas, 2010, PVP 12 €*

